

Lugo, 15 de marzo de 2013.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO EN SUBSTITUCIÓN DA TENENTE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTONOMOS Y EDUCACIÓN(Decreto núm. 13000897), Luís Manuel Álvarez Martínez

R. 1103

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 6 de marzo de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DE VINTE E DÚAS PRAZAS DE CENTRO DE DÍA PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES DEPENDENTES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIÚRNA.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Descrición do obxecto:** É obxecto do contrato a prestación dun servizo de centro de día (22 prazas) en réxime de atención diúrna para a tención de persoas da terceira idade residentes no termo municipal de Lugo.
- b) **Prazo de execución:** A duración deste contrato será de DOUS ANOS contados a partires da formalización en documento administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prorroga por períodos máximos anuais por acordo do órgano de contratación, adoptado con anterioridade ó remate do prazo de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimemento:** aberto

4.- Tipo de licitación

- a) **Orzamento máximo do Contrato:** Para a determinación do prezo tense en conta a prestación do servizo de atención, a manutención e o transporte sendo o prezo unitario mensual por praza é de 613,77 euros mensuais máis o IVE (4%) de 24,55 euros polo que o prezo/praza mensual ascende a **638,32 euros IVE (4%) incluído** e sobre o cal os licitadores presentarán as súas ofertas co correspondente desglose de custos.

En consecuencia o presuposto máximo para a primeira anualidade ascende a 168.516,48 euros IVE incluído

O valor estimado do contrato tendo en conta as as posibles prórrogas ascende a 648.140,31 euros (excluído o IVE)

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 159,64 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 15 de marzo de 2013.- O ALCALDE, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 13000897),
Luís Manuel Álvarez Martínez

R. 1104

MONDOÑEDO*Anuncio***EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 7 de Marzo aprobou o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO CORRESPONDENTE O ° BIMESTRE DO 2013**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, **EXPONSE AO PUBLICO** o devandito padrón para que as persoas interesadas, no **PRAZO DE QUINCE DIAS** contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que as taxas obxecto deste anuncio estarán ó cobro en **PERIODO VOLUNTARIO** na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 8 de Marzo ó 8 de Maio, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 7 de Marzo do 2013.- O Alcalde, firma ilegible

R. 1070

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o **Presuposto Municipal** para o **exercício económico de 2013**, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 28 de Febreiro de 2013, en cumprimento do que dispón ó artigo 169.4 del RDL 2/2004, de 6 de marzo polo que se aproba o Texto